



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
Delegación Provincial de Pontevedra

C/. Germán Adrio Sobrido, 6 baixo
36003 PONTEVEDRA
Telf. 986 80 53 80 - Fax 986 80 53 91



XACOBEO 2004
Galicia



Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada PLAN COMUNITARIO DE TEIS (VIGO) inscrita co nº 1995/003492-1 (PO) do Rexistro de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 25-9-2003, acordou a modificación dos seus Estatutos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Pontevedra, 21 de setembro de 2004
O/A DELEGADO/A PROVINCIAL

Asdo.: Sonia Lorenzo Santos

ESTATUTOS DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS

CAPITULO I

DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS EN XERAL

Artigo 1.

1. Procedese a adapta-los estatutos do PLAN COMUNITARIO DE TEIS, con nº de inscrición 3492 no rexistro provincial de asociacións sen ánimo de lucro e CIF G36791960.
2. O Plan Comunitario de Teis rexerese polos devanditos estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2. O domicilio principal e permanente do Plan Comunitario de Teis radicará na localidade de Teis- Vigo , rúa Coutadas nº 59, C.P.36207,Teléfono 986281670,correo electrónico planteis@cgtrabajosocial.es Poderánse utilizar outros locais asociativos adicionais na mesma ou outras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva.

Artigo 3. O Plan Comunitario de Teis en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Vigo, podendo actuar ou participar noutros ámbitos.

Artigo 4.

1. O Plan Comunitario de Teis constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme ós estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente
2. O Plan Comunitario de Teis rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5. A existencia do Plan Comunitario de Teis ten como fins:

1. Fomentar a interacción no barrio de tódolos sectores sociais.
 2. Implicar ós distintos sectores cidadáns na realización de actividades, con carácter preventivo, que beneficien o barrio.
 3. Xerar as infraestruturas para que se poidan desenvolver as actividades.
 4. Mellorar as condicións, físicas e ambientais, no entorno.
 5. Desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura (entendida como a propia que nos identifica como pobo) e benestar.
 6. Realizar todo tipo de intervención llexítima para mellorar a calidade de vida dos cidadáns.
- Os beneficios que se obtían por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 6. Para o cumprimento dos seus fins poderá realizar as seguintes actividades:

1. Dinamización dun espazo de encontro.
2. Organización de actividades socio-culturais/deportivas/lúdicas/etc.
3. Organización de cursos, seminarios, conferencias e outros actos análogos.
4. Elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos, e calquera outro tipo de publicación para a difusión e información das ideas do Plan Comunitario de Teis.
5. Calquera outra actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins do Plan Comunitario de Teis.



CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS/AS

Artigo 7. Poderán ser integrantes do Plan Comunitario de Teis tódalas persoas físicas e xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan interese no desenvolvemento dos fins do Plan Comunitario de Teis.
2. Formalización escrita da integración.
3. Que, de ser asociacións ou colectivos legalmente constituídos, acompañen a solicitude de ingreso cá certificación do acordo de ingreso segundo marquen os estatutos de cada unha das entidades solicitantes.

Artigo 8. Dentro do Plan Comunitario de Teis poderán coexistir as seguintes clases de asociados/as:

1. Fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución do Plan comunitario de Teis.
2. Numerarios, que serán aqueles que ingresaron con posterioridade á constitución do Plan Comunitario de Teis.
3. Honorarios, que serán aqueles que a xuízo da Asamblea Xeral ou da Xunta Directiva, segundo se estableza, se fagan acreedores de tal distinción por contribuír de xeito notable á dignificación ou desenvolvemento dos fins do Plan Comunitario de Teis.
4. Outros: asociados/as benefactores, simpatizantes...

Artigo 9. Os asociados/as numerarios ou fundadores teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas Asambleas con voz e voto.
2. Poder elixir ou ser elixidos/as para os cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice o Plan Comunitario de Teis no cumprimento dos seus fins.
4. Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que poida proporcionar o Plan Comunitario de Teis.
5. Facerlles suxestións ós membros da Xunta Directiva cara a mellorar o cumprimento dos fins do Plan Comunitario de Teis.
6. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos do Plan Comunitario de Teis.
7. Ter un exemplar dos estatutos.
8. Aqueles outros que sexan recollidos na lexislación vixente.

Artigo 10. Os asociados/as terán as seguintes obrigas:

1. Asistir as Asambleas Xerais.
2. Satisfacer as cotas que se establezan en Asamblea Xeral.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos en Asamblea Xeral.
4. Prestar cantos servizos determinen os estatutos, o regulamento de réxime interno e os acordos das Asambleas Xerais.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
6. Cumprir os acordos da Asamblea Xeral e o contido dos estatutos.
7. Participar nos actos e actividades do Plan Comunitario de Teis.
8. Respetar, cuidar e defender o patrimonio do Plan Comunitario de Teis.
9. Aquelas outras que se recollan na lexislación vixente.

Artigo 11. Os asociados/as honorarios e outros/as, terán as mesmas obrigas que os asociados/as fundadores/as e numerarios/as agás a posibilidade de intervir nos órganos de representación e de dirección do Plan Comunitario de Teis.

Asi mesmo, terán idénticos dereitos cá excepción de poder elixir ou ser elixidos para os cargos directivos e poderán asistir as Asambleas Xerais con voz pero sen voto.

Artigo 12. Os acordos de admisión dos asociados/as tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa, física ou xurídica, que desexa ser admitida.



Artigo 13. A condición de asociado/a pérdese:

1. Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, o que non exime de satisfacer as obrigas que teñan pendentes ata ese intre.
2. Por impago dun número determinado de cotas (no caso de que as houbera).
3. Por realización de accións que perxudiquen gravemente os intereses do Plan Comunitario de Teis.
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 14. A expulsión de asociados/as será acordada pola Xunta Directiva, trala audiencia da persoa, física ou xurídica, interesada, en caso de reiterado infrinximento dos estatutos, obstaculización ó labor do Plan Comunitario de Teis, incumplimento dos acordos da Asamblea Xeral ou a Xunta Directiva ou as súas obrigas económicas.

En todo caso o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 15. A separación temporal dun asociado/a pódese producir:

1. Por petición persoal do asociado/a por escrito.
2. Polo acordo da Xunta Directiva, ben:
 - a) por estarse tramitando un expediente sancionador
 - b) por outras causas xustificadas que o aconsellen:
 - comportamentos que afecten a boa marcha dos fins do Plan Comunitario de Teis
 - retraso nos pagamentos dalgunha cota.

CAPITULO III

DOS ÓRGANOS DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS

Artigo 16. O goberno e representación do Plan Comunitario de Teis están a cargo dos seguintes órganos:

1. A Asamblea Xeral, máximo órgano de goberno.
2. A Xunta Directiva, órgano en que a asamblea delega o goberno do Plan Comunitario de Teis.
3. O Presidente/a, o Vicepresidente/a, o Secretario/a e o Tesoreiro/a, órganos unipersonais e con funcións de goberno e representación determinadas polos presentes estatutos.

Artigo 17. A **Asamblea Xeral** de asociados/as é o órgano de expresión da vontade do Plan Comunitario e estará formada por tódolos seus integrantes. O Presidente/a e o Secretario/a serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 18. A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario unha vez o ano, e con carácter extraordinario tantas veces acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos asociados/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á Presidencia, autorizado cás sinaturas dos/as solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19. A Asamblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos catro meses seguintes o peche do exercicio.

Tanto a Asamblea Xeral Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola presidencia do Plan Comunitario de Teis, e deberá ser notificada por escrito no domicilio dos asociados/as.

Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da Asamblea, así como a orde do día con expresión concreta dos temas para tratar e os anexos que procedan. Tamén haberá que sinalarse a hora da segunda convocatoria, sen que entre a primeira e a segunda convocatoria poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 20. Para que as assembleas poidan tomar acordos, estarán integradas polos asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total de asociados/as na



primeira convocatoria ou con calquera número de asociados/as asistentes na segunda convocatoria.

Artigo 21. Os acordos tomaranse por maioría simple dos asociados/as presentes ou representados/as cando os votos afirmativos superen ós negativos, non serán computables os votos en branco nin as abstencións.

Será precisa a maioría cualificada dos asociados/as presentes ou representados/as, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

1. Ratificar a expulsión dos asociados/as por proposta da Xunta Directiva.
2. Aprobar a federación con outras asociacións.
3. Solicitar a declaración de Utilidade Pública.

Artigo 22. Son competencias da Asamblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar o plan de actividades proposto pola Xunta Directiva.
2. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
3. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
4. Aprobar o orzamento proposto pola Xunta Directiva.
5. Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
6. Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.
7. Acordar a remuneración, de ser o caso, dos membros dos órganos de representación.
8. As demais que resulten dos estatutos e que non estean expresamente conferidas á Asamblea Xeral ou á Xunta Directiva.

Artigo 23. Son competencias da Asamblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os estatutos do Plan Comentario de Teis.
2. Disolver o Plan Comunitario de Teis e nomear os liquidadores.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Ratificar a expulsión de asociados/as a proposta da Xunta Directiva.
5. Solicitar a declaración de utilidade pública.
6. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
7. Elexir os integrantes da Xunta Directiva.
8. Calquera outro asunto para o que fose convocada conforme o expresado no artigo 19 ou estea reservado no articulado dos presentes estatutos.

Artigo 24. Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores abrigarán a tódolos asociados/as, mesmo ós non asistentes.

As sesións comezarán coa lectura por parte do Secretario/a da acta da Asamblea anterior que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose a súa aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día abrirase, se así o considera oportuno o presidente/a ou o solicitan un 10% dos asociados/as inscritos no libro de membros, a quenda de preguntas e suxestións. Concluído este punto, o presidente/a dará por rematada a sesión.

Artigo 25. Poderase recorrer contra os acordos que vaian contra destes estatutos ou infrinxan os fins do Plan Comunitario de Teis, en reposición perante a Asamblea Xeral. A partir da resolución deste recurso quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria

Artigo 26. O Plan Comunitario de Teis será xestionada e representada por unha Xunta Directiva composta por: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoreiro/a e, de ser o caso, vocais.

Tódalas persoas que compoñen a Xunta Directiva deberán ser asociados, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen perxuízos do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas.

Os cargos deberán ser designados e revocados pola Asamblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos e, poderán ser reelixidos.



Artigo 27. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:

1. Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
2. Por expiración do mandato.
3. Por incumprimento das obrigas que tiña encomendadas.

Nos casos 1) e 2) continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúa.

O traspaso de poderes farase no tempo máximo de trinta días naturais logo de coñecer os resultados das eleccións

Presentada a dimisión por e metade máis un dos membros da Xunta Directiva, convocarase Asamblea Xeral, con carácter Extraordinario, no prazo máximo de sesenta días naturais para a súa renovación. Non cabe a dimisión colectiva da Xunta Directiva se non é diante da Asamblea Xeral.

Artigo 28. A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario unha vez o mes e, con carácter extraordinario cantas veces o determine a Presidencia ou por petición de calquera dos seus membros.

A convocatoria realizarase como mínimo con tres días de antelación mediante citación persoal na que se recollerá a orde do día.

Realizada a convocatoria, a Xunta Directiva quedará constituída pola asistencia da metade máis un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do/da presidente/a será de calidade.

Artigo 29. As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades do Plan Comunitario de Teis, sempre que non requiran, segundo estes estatutos, autorización expresa da Asamblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

1. Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa do Plan Comunitario de Teis, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
2. Executar os acordos da Asamblea Xeral.
3. Convocar as Assembleas Xerais.
4. Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral o programa de actuación, así como a memoria de xestión correspondente.
5. Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e contas do exercicio pechado.
6. Resolver sobre a admisión de novos asociados/as.
7. Crear comisions de traballo có fin de delegar nelas a preparación de determinados actos e actividades ou recabar delas información necesarias. O cargo destas comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
8. Nomear delegados para determinadas actividades do Plan Comunitario de Teis.
9. Interpretar os estatutos e o regulamento de réxime interno e velar polo seu cumprimento.
10. Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asamblea Xeral.

Artigo 30. A Presidencia da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Presidir e dar por rematadas as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dirixir as deliberacións de unha e outra, e decidir con voto de calidade en caso de empate.
2. Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado.
3. Ordenar pagamentos e autorizar cá súa sinatura os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
4. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha do Plan Comunitario de Teis aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
5. Facer cumprir os acordos adoptados pola Xunta Directiva e Asamblea Xeral
6. Calquera outra función que lle atribúan os estatutos ou que estime a Asamblea Xeral ou a Xunta Directiva.



Artigo 31. O presidente/a será asistido nas súas funcións por un/unha vicepresidente/a, que, ademais, substituirano/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 32. O secretario/a reibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados/as e terá o seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificación destas co visto e prace do presidente/a. Deberá tamén presentar as contas anuais e cumprir as obrigas documentais nos termos que legalmente se establezan.

Artigo 33. O tesoireiro/a exerce a dirección dos traballos de xestión económica do Plan Comunitario de Teis, a custodia e levanza dos libros de contabilidade e os inventarios, así como tódolos documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances. Deberá preparar os orzamentos, as contas anuais e os balances perante a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, así como dar cumprimento as ordes de pagamento que expida o presidente/a.

Artigo 34. Os/As vocais no número que determine a Asamblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas segundo a súa área de actuación, segundo comisions.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.
3. Preparar e dirixir actividades sociais.

CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 35. O Plan Comunitario de Teis como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderá distribuír os recursos obtidos entre os/as asociados/as, senón que, deberán destinarse, exclusivamente o cumprimento dos seus fins.

Artigo 36. O patrimonio do Plan Comunitario de Teis é de 0,00 euros.

Artigo 37. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar rematar o ano. Así, o seu orzamento será anual e deberá ser aprobado pola Asamblea Xeral Ordinaria do exercicio económico que correspona e a liquidación do orzamento terase que presentar necesariamente na Asamblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ó remate do exercicio.

Artigo 38. Anualmente e con referencia o derradeiro día de exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e o balance de situación, que se formalizará nunha memoria que será posta a disposición dos asociados/as durante un prazo non inferior a quince días do día sinalado para a Asamblea Xeral Ordinaria, que deberá aproba-lo ou censura-lo.

Artigo 39. Os recursos económicos dos que dispón o Plan Comunitario de Teis para o cumprimento dos seus fins son:

1. As cotas periódicas dos asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e que sexan aprobadas pola Asamblea Xeral.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder os organismos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Patrocinios e convenios.
5. Calquer outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 40. Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde o Plan Comunitario de Teis os ten depositados, deberá a entidade bancaria ter recoñecidas as sinaturas que corresponden o/a presidente/a e o/a tesoireiro/a, para o seu emprego conxunto.

CAPÍTULO V



DO REGULAMETO INTERNO

Artigo 41. O regulamento de réxime interno, de ser o caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, e non poderán ir en ningún caso en contra do estipulado neles.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS

Artigo 42. Os presentes estatutos poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva ou un cuarto dos/das asociados/as.
A convocatoria de Asamblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto cás modificación propostas, abríndose un prazo de dez días para que calquera asociado/a poda dirixirle á Secretaría as propostas e enmendas que considere oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asamblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días a súa realización.

Artigo 43. Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesario o voto favorable de 2/3 dos membros da Asamblea Xeral de asociados/as.

Artigo 44. O Plan Comunitario de Teis disolverase polas seguintes causas:

1. Por vontade de 2/3 partes dos asociados/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 45. Acordada a disolución, a Asamblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o presidente/a e o tesoreiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.
O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doaráselle a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma e que teña os mesmos ou similares fins.
O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución do Plan Comunitario de Teis

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente Lei 1/2002, do 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS
Inscrita a modificación por resolución do 21-9-2004
ós sos efectos de publicidade de conformidade co
artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.

PONTEVEDRA 21 de SEP 2004
DELEGADO PROVINCIAL

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]